

[OPINIÓN \(/SECCION/OPINION1/\)](#) [GALICIA \(/SECCION/GALICIA1/\)](#) [O HOME DO SACO \(/SECCION/O-HOME-DO-SACO/\)](#)

Biólogos vigueses reclaman medidas urgentes para evitar un posible 'colapso de polinización'

Alertan das graves consecuencias de non adoptar medidas contra a diminución de polinizadores. Divulgare súmase coa estrea dun novo vídeo a unha iniciativa que xurdiu en EEUU

D. Besadío | Vigo | 26 de Junio de 2014 (00:00 h.)

Compartir:

Me gusta 0

Twitter 0

Share

g+1 0

Más

Votar:

Más acciones:



Arredor do 75% dos cultivos vexetais humanos requiren ser polinizados por insectos, principalmente abellas. Ademais estímase que o valor económico da polinización a nivel mundial en termos de cultivo para alimento humano oscila entre 45.000 e 100.000 millóns de euros ao ano. "Son cifras nada desprezables como para ignoralas e, sen embargo, asistimos con impasibilidade ao declive deste exército de obreiros medio ambientais", subliñan os investigadores do Laboratorio de Ecoloxía e Evolución das Plantas – Divulgare que, coincidindo coa celebración en Estados Unidos da semana dos polinizadores, estrean un novo vídeo (<http://www.divulgare.net/la-semana-de-los-polinizadores/>) co que buscar a implicación dos máis pequenos á hora de concienciar sobre esta problemática global.



Dirixido polo profesor Luis Navarro, o vídeo explica de xeito sinxelo que é a polinización. "A ver se serve para que algúns destes peques o transmitan aos seus maiores", recalcan os investigadores nunha presentación na que chaman ás autoridades políticas a abordar o "tema urgente" da diminución das poboacións de polinizadores. "Xa non resulta descoñecido, para quen queira estar informado, que estamos enfrontándonos a un problema de dimensións desproporcionadas", subliñan os autores do vídeo, que fan fincapé en que unha vez máis, "son os nosos colegas do outro lado do



<http://stadiosport.opennemas.com/ads/201311302044300033f>

Noticias de hoy



1

La Portada del DXT
Campeón

(<https://www.stadiosport.es/articulo/dxt/portada-dxt-campeon/20140116002916005632.html>)



2

([articulo/o-home-do-saco/home-do-saco-](#)


O HOME DO SACO, o la valentía de los cirujanos Feijoo y Besteiro
(<https://www.stadiosport.es/articulo/o-home-do-saco/home-do-saco-valentia-cirujanos-feijoo-y-besteiro/20140625233346016979.html>)



([articulo/galicia1/portavoz-pp-senado-jose](#) 3

El portavoz del PP en el Senado, José Manuel Barreiro ha calificado de "rotundamente falsas" las informaciones que lo vinculan con el cobro de sobornos del Grupo Vendex
(<https://www.stadiosport.es/articulo/galicia1/portavoz-pp-senado-jose-manuel-barreiro-ha-calificado-rotundamente-falsas->

Atlántico os que toman a dianteira”, subliñando que cada ano o presidente Obama reúne con científicos que o manteñen ao corrente desta loita: “E no noso país? Alguén sabe dunha iniciativa similar?”.



Funxicidas, herbicidas e especies exóticas están detrás deste declive

Entre outros datos de relevo os investigadores destacan que na actualidade existen máis de 30.000 especies diferentes de abellas no planeta e que son elas, principalmente as silvestres, as que se encargan da polinización das principais plantas cultivadas. “A perda destas abellas silvestres, verdadeiras responsables da polinización de moitas especies de plantas, xa comezou fai unhas décadas e a súa desaparición traeranos, sen dúbida, moitos problemas”, recalcan os integrantes de Divulgare, que advirten tamén de que cerca dun terzo de especies de abellóns están xa en perigo de extinción.

Como principais causas deste ‘colapso de polinización’ os investigadores fan fincapé no uso de funxicidas e herbicidas, a alteración e fragmentación dos ecosistemas ou a propagación de enfermidades pola vía da introdución de especies exóticas forraxeiras.

Este novo vídeo de Divulgare, cofinanciado polo Parque Nacional Illas Atlánticas, baséase nos resultados do proxecto de investigación *Implicacións ecolóxicas e evolutivas dos visitantes florais: efecto de polinizadores e ladróns de néctar*, financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade.



<http://stadiosport.opennemas.com/ads/20110928232610000139.html>

Quizás también le interese:

- Homes maiores de 70 anos e con varias enfermidades asociadas, perfil tipo dos pacientes de apnea do sono (<https://www.stadiosport.es/articulo/galicia1/homes-maiores-70-anos-varias-enfermedades-asociadas-perfil-tipo-pacientes-apnea-do-sono/2014062523595716986.html>)
- Ve-la luz denuncia “la campaña de constantes agresiones y vejaciones que llevan sufriendo las víctimas de violencia de género y la Asociación, desde el término de la huelga de hambre” (<https://www.stadiosport.es/articulo/galicia1/ve-la-luz-denuncia-campana-constant-agresiones-y-vejaciones-llevan-sufriendo-victimas-violencia-genero-y-asociacion-termino-huelga-hambre/2014062523580716985.html>)
- “Polo mar da liberdade”: Homenaxe a Benedicto García Villar (<https://www.stadiosport.es/articulo/galicia1/polo-mar-da-liberdade-homenaxe-benedicto-garcia-villar/2014062523563416984.html>)
- Compromiso por Galicia contactará con todos os partidos para asinar un pacto anticorrupción (<https://www.stadiosport.es/articulo/galicia1/compromiso-galicia-contactara-todos-partidos-asinar-pacto-anticorrupcion/2014062523535616983.html>)

informaciones-vinculan-cobro-sobornos-grupo-vendex/20140625235059016982.html)



4

Compromiso por Galicia contactará con todos os partidos para asinar un pacto anticorrupción (<https://www.stadiosport.es/articulo/galicia1/compromiso-galicia-contactara-todos-partidos-asinar-pacto-anticorrupcion/20140625235356016983.html>)



5

“Polo mar da liberdade”: Homenaxe a Benedicto García Villar (<https://www.stadiosport.es/articulo/galicia1/polo-mar-da-liberdade-homenaxe-benedicto-garcia-villar/20140625235634016984.html>)

Búscanos en Facebook

Stadio Sport Me gusta

A 700 personas les gusta Stadio Sport.



Plug-in social de Facebook

Lo + en Stadio Sport

+ visitado
+ votado
+ comentado

RC DEPORTIVO | 25-06-2014
Comunicado de los entrenadores de las categorías inferiores del RC Deportivo (<https://www.stadiosport.es/articulo/rc-deportivo/comunicado-entrenadores-categorias-inferiores-rc-deportivo/20140625002641016862.html>)

CARLOS MUIÑOS | 22-06-2014
Mi lealtad es al Real Club Deportivo de La Coruña (<https://www.stadiosport.es/articulo/carlos-muinohos/lealtad-real-club-deportivo-coruna/20140622015735016648.html>)

OPINIÓN | 22-06-2014
El hombre que sabía demasiado (<https://www.stadiosport.es/articulo/opinion-sabia-demasiado/20140622235348016690.html>)

RC DEPORTIVO | 22-06-2014